

PROXECTO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO

1.- PRESENTACIÓN

O *Equipo de Dinamización da Lingua Galega* (EDLG) do C.P.I. Ponte Carreira no curso escolar 2023-2024 pretende continuar un proxecto, iniciado en cursos pasados, baseado na efectividade das propostas, e co obxectivo fundamental de que a totalidade do alumnado chegue á autoestima do galego como lingua de seu.

Nunha zona na que polas súas características se pode acadar o 100% de galego falantes as propostas continúan na senda de anos anteriores, sempre engadindo algunhas novas que xorden en función dos intereses e necesidades detectados. Para o *Equipo de Dinamización da Lingua Galega* é prioritario a DIGNIFICACIÓN IDIOMÁTICA; de aí que as actividades xiren arredor da transmisión oral dos maiores e das súas vivencias, dos aspectos culturais e etnográficos e da valoración das diferenzas léxicas.

A presente programación foi consensuada entre todos os membros e consideramos que a imos levar adiante e comprometémonos a elo, pero quedamos pendentes de como será o desenvolvemento do curso e do financiamento outorgado.

Contamos co compromiso de colaboración e participación do claustro e do persoal de administración e servizos, do alumnado e tamén das familias. Mais como é preciso conformar os membros do equipo, este queda formado polos seguintes membros, que actúan como representantes do seu colectivo:

Profesorado:

Dona Diana María Sánchez Sánchez (E.I.) **Coordinadora do equipo**

Dona Francisco M. López Fernández (E.P.)

Dona Verónica Boo López (E.S.O.)

Dona Luisa Calvo Germales (E.S.O.)

Membro do persoal de administración e servizos:

Eugenia Taboada de Jesús

Alumnado:

1º ESO:

2º ESO:

3º ESO:

4º ESO:

2.- BREVE ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO

Durante o curso 2022-2023 fíxose a actualización da situación sociolingüística do centro e do proxecto lingüístico. A continuación resumimos os principais datos obtidos.

Contorno sociolingüístico do centro

O centro está emprazado nun medio rural, no cal a presenza da lingua galega no contexto físico e social é permanente. Así, a lingua habitual tanto de comunicación como a empregada nas interaccións comunitarias da nosa poboación é maioritariamente a lingua galega, habendo só unha mínima porcentaxe que emprega o castelán.

Os resultados obtidos indícanos que o galego é a lingua empregada maioritariamente nos fogares (un 56% manifesta falar só galego e un 21.9% manifesta un predominio do galego). Con referencia ás institucións dicir que tanto a lingua empregada polo Concello entre o funcionariado e cos cidadáns, así como a empregada polas entidades asociativas do contorno é a lingua galega.

Así pois, o contexto sociolingüístico do contorno do noso centro, do concello de Frades, é dun dominio da lingua galega.

Situación lingüística do profesorado

A lingua habitual do profesorado é o galego, destacando un grupo monolingüe e outro bilingüe con predominio do galego (32%) Segue un grupo de profesorado bilingüe con predominio castelán (24%) e un reducido grupo monolingüe en castelán.

A percepción que o profesorado ten da súa capacidade para empregar o galego na aula é media-alta, e a súa disposición para actualizarse é boa ou plena.

Nas variables referentes a actitudes respecto do idioma non detectamos prexuízos arredor do mesmo, sendo en xeral positivas. En relación ao proceso de normalización, plurilingüismo e lexislación tampouco se atopan atrancos.

Estamos nun ámbito en que o galego ten unha presenza importante no que respecta á lingua do profesorado e á lingua en que o alumnado interacciona con el.

A labor docente realízase tendo a lingua galega como referente de importancia.

O galego é a lingua habitual que o profesorado emprega nas conversas mantidas coas familias, co alumnado e o persoal non docente. Isto non impide que na linguaxe coloquial o castelán tamén teña a súa presenza, derivada de opcións persoais de cadaquén.

Situación lingüística do alumnado

A lingua na que o noso alumnado aprendeu a falar é o galego (59.57% fíxoo só en galego e un 27.65% manifesta que aprendeu a falar nas dúas linguas).

A lingua na que se expresa o alumnado é maioritariamente o galego (77.41%). O dominio das destrezas é alto: a practica totalidade afirma entender o galego, alto é tamén a porcentaxe que manifesta falalo habitualmente; as porcentaxes baixan nas outras dúas destrezas: un 51.6% escribe en galego e un 38.7% le en galego.

En canto aos usos lingüísticos, os datos xerais indican que a maior parte do alumnado responde sempre en galego cando lle falan en galego, mentres que a porcentaxe que responde sempre en castelán é mínima. Do mesmo xeito, unha porcentaxe do 17% manifesta que a persoa coa que falan condiciona a responder nunha ou noutra lingua cando lle falan en castelán, mentres que un 76.1% manifesta responder en galego.

En xeral, as actitudes cara a aprendizaxe, a potenciación e uso do galego son positivas. Do mesmo xeito, á gran maioría do alumando parécelle ben que se potencie o uso do galego.

No que se refire ao uso do galego nas aulas, para o maioría dos alumnos a lingua que emprega o mestre cando non se expresa na lingua que ensina é a favor do galego.

Situación lingüística do centro

O galego é a lingua de comunicación oficial coas familias, tanto nas manifestacións orais coma escritas.

O galego é tamén a lingua vehicular dos usos administrativos. Xérase toda a documentación escrita en galego, tanto interna coma pública. Oficios, convocatorias, certificados, documentos de relacións coas familias e coa administración e institucións,... e demais documentos oficiais están redactados en galego.

En galego tamén está todo o rotulado do centro e as notas informativas dos taboleiros.

Na comunicación co alumnado altérnase o uso do galego e o castelán, pero maniféstase un predominio no uso da lingua galega.

O persoal non docente emprega o galego.

Os integrantes da ANPA son tamén galegofalantes e empregan a lingua galega nas actividades que organizan.

Nas actividades complementarias e extraescolares úsase maioritariamente o galego, tanto para convocatorias, avisos, anuncios,... como no seu desenvolvemento.

As persoas, colectivos, institucións,... alleos á vida escolar que participa nas actividades (obradoiros, actuacións,...) acostuman empregar o galego.

A lingua galega tamén ten unha presenza relevante no uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

En canto ao uso das lingua oficiais de Galicia no ensino cúmprese o establecido no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

3.- OBXECTIVOS

Neste colexio crese na potenciación da autoestima persoal e social, e a valoración real do medio, das tradicións, da cultura e da vida galegas, en todas as súas manifestacións, como clave para lograr unha lingua viva na que a comunicación acade o seu máis pleno e fondo significado. Será así como o alumnado poderá valorala e considerala como a axeitada para poder ser empregada en todas as súas vivencias persoais e sociais.

Tendo en conta o uso maioritario do galego como lingua básica, os obxectivos van encamiñados a potenciar unha lingua cada vez máis correcta e cultivada e ao coñecemento da realidade galega, tanto na actualidade como ao longo da súa historia.

A continuación detallamos os **obxectivos** xerais do proxecto, agrupados **por sectores**. Debemos ter en conta que estes obxectivos xerais quedan desglosados en obxectivos máis específicos en cada unha das actividades propostas.

1.- CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CONTORNO

1. Promover o coñecemento da realidade galega aproximándolle á xente nova as realidades do noso país (historia, costumes, folclore, música, cine, cultura, tradicións,...) e especialmente do lugar onde viven promovendo as relacións interxeracionais, así como actividades de coñecemento e aprendizaxe conxuntas entre a mocidade e a xente maior (promovendo a aprendizaxe vivencial).
2. Eliminar os prexuízos lingüísticos en todos os eidos a través da sensibilización idiomática e a promoción da análise crítica dos preconceptos existentes sobre a lingua.
3. Amosar elementos caracterizadores da cultura galega, facendo ver a importancia de manter vivas as tradicións.
4. Dar a coñecer ao exterior o traballo do Equipo de Dinamización da Lingua Galega.
5. Fomentar a colaboración con entidades culturais, asociativas, deportivas,... do contorno para a organización de actividades conxuntas.

6. Implicar de maneira activa os membros da comunidade educativa, especialmente as familias.
7. Facer ver a idoneidade do noso idioma para calquera uso.
8. Intercambiar experiencias normalizadoras.
9. Contribuír á difusión de materiais impresos en galego.

2.- PROFESORADO

1. Fomentar o uso do galego oral e escrito nas diferentes actividades.
2. Afianzar a plena normalización do noso idioma na vida diaria do centro, tanto dentro coma fóra das aulas.
3. Eliminar os prexuízos lingüísticos en todos os eidos a través da sensibilización idiomática e a promoción da análise crítica dos preconceptos existentes sobre a lingua.
4. Reforzar a dimensión comunicativa e instrumental do galego en relación aos usos artísticos e comunicativos, ligando o seu uso aos modos de vida máis actuais e aos usos lúdicos do idioma.
5. Difundir a lexislación actual e facilitar información en materia lingüística aos diferentes órganos e membros da comunidade educativa.
6. Consegur e contribuír a que cada vez máis se estenda o uso do galego nas novas tecnoloxías.
7. Contribuír a que o profesorado non se esqueza do papel decisivo que desempeña como modelo dos seus alumnos na actividade educativa e valore a importancia que ten o seu compromiso coa normalización lingüística nos diferentes contextos comunicativos.
8. Fomentar a colaboración entre todos os grupos e equipos de traballo establecidos dentro do claustro para levar a cabo con maior eficacia o traballo do equipo.
9. Implicar de maneira activa os membros da comunidade educativa.
10. Demostrar o valor do galego como manifestación cultural, oral e escrita, a través de diferentes representacións.
11. Intercambiar experiencias normalizadoras.

3.- ALUMNADO

1. Fomentar o uso do galego oral e escrito en diferentes actividades e en diferentes ámbitos.
2. Afianzar a plena normalización do noso idioma na vida diaria do centro, tanto dentro coma fóra das aulas.
3. Promover a lectura en lingua galega, con especial incidencia na literatura dos nosos días e a dos novos narradores.
4. Fomentar a creación literaria en lingua galega a partir de fontes de inspiración popular.

5. Promover o coñecemento da realidade galega aproximándolle á xente nova as realidades do noso país (historia, costumes, folclore, música, cine, cultura, tradicións,...) e especialmente do lugar onde viven promovendo as relacións interxeracionais, así como actividades de coñecemento e aprendizaxe conxuntas entre a mocidade e a xente maior (promovendo a aprendizaxe vivencial).
6. Eliminar os prexuízos lingüísticos en todos os eidos a través da sensibilización idiomática e a promoción da análise crítica dos preconceptos existentes sobre a lingua.
7. Conseguir e contribuír a que cada vez máis se estenda o uso do galego nas novas tecnoloxías.
8. Reforzar a dimensión comunicativa e instrumental do galego en relación aos usos artísticos e comunicativos, ligando o seu uso aos modos de vida máis actuais e aos usos lúdicos do idioma.
9. Difundir a lexislación actual e facilitar información en materia lingüística aos diferentes órganos e membros da comunidade educativa.
10. Difundir aspectos característicos da nosa cultura, concienciando dos valores positivos da nosa lingua.
11. Fomentar a creatividade.
12. Promover o uso do galego nos espectáculos.
13. Concienciar ao alumnado sobre o dereito a usar a lingua galega en todos os eidos.
14. Proporcionar estratexias que lle permitan esixir o respecto pola súa lingua.
15. Intercambiar experiencias normalizadoras.
16. Conseguir que o alumnado sexa consciente de que o seu idioma é un sinal de identidade.

4.- SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

1. Fomentar o uso do galego oral e escrito nas diferentes actividades do centro.
2. Afianzar a plena normalización do noso idioma na vida diaria do centro, tanto dentro coma fóra das aulas
3. Contribuír á eliminación de trabas lingüísticas en calquera situación.
4. Conseguir e contribuír a que cada vez máis se estenda o uso do galego nas novas tecnoloxías.
5. Dar a coñecer aspectos relacionados coa nosa cultura.
6. Proporcionar informacións sobre as actividades do equipo.
7. Intercambiar experiencias, coñecementos e manifestacións culturais e lingüísticas con outros centros e outros EDLG.

4.- ACTIVIDADES

As liñas de traballo que se seguen teñen en conta o feito de que o alumnado emprega como lingua base a lingua galega e será esta a lingua de comunicación empregada nas diferentes etapas educativas, permitindo a superación da infravaloración que poida existir na comunidade educativa no seu conxunto, contribuíndo así á súa dignificación, para o que se fai necesario potenciar a presenza da realidade galega no ensino (cultura, historia, xeografía, etnografía, literatura, arte, folk,...). Algunhas das actuacións teñen **continuidade de ano en ano** (publicacións, concurso da tarxeta de Nadal, concurso do cartel das Letras Galegas), outras **abranguen todo un curso académico** (representacións, dramatizacións,... campañas de sensibilización en prol do uso do galego,...) e outras teñen un **carácter máis puntual** (o magosto, día da poesía,...). É tamén interesante a inclusión de actividades que xurdan ao longo do curso como resposta a necesidades ou intereses dalgún individuo concreto ou grupo.

Nas actividades previstas téntase, na medida do posible, o reparto de responsabilidades entre os membros da comunidade educativa. Ao mesmo tempo, fomentárase a comunicación e cooperación entre o centro e as familias e outras institucións internas e alleas ao centro.

Poténcianse actividades que implican a participación conxunta e global de toda a comunidade educativa e favorecen a participación activa do profesorado, alumnado, pais e persoal non docente no funcionamento e organización das mesmas.

De igual forma, fomentárase a realización de traballos en grupo, traballos de investigación, participación en concursos, fomento da reflexión tanto a nivel grupal como individual, busca, selección e tratamento da información, colaboración e coordinación entre o profesorado, aproveitamento de todos os recursos tanto humanos como materias, con especial fincapé no emprego das novas tecnoloxías.

Para levar a cabo todas estas actividades será imprescindible a colaboración e participación de todos os membros da comunidade educativa, especialmente na recollida de obxectos, tradicións orais,... así coma na elaboración de materiais, confección de traballos escritos e labores de difusión. Mesmo se tentará facer extensiva a nosa actuación máis alá da escola e da familia, na medida do posible.

Procurárase que a implicación do profesorado e alumnado sexa total, por medio de actividades específicas e axeitadas para os grupos diferenciados cos que, por sermos un CPI, conta o noso centro; isto sen limitar aquelas actividades dirixidas a toda a comunidade e seguindo as normas da situación sanitaria do momento. O noso centro conta cun total de 147 alumnos: 18 de educación infantil, 84 de educación primaria e 48 de ESO. Conta con 13 profesores do corpo de mestres e 14 do corpo de secundaria. Contamos tamén coa participación e colaboración do persoal administrativo e de servizos.

Dentro dun criterio de acadar a máxima difusión, cada actividade terá un alcance diferente dependendo das súas propias características: dende o eido estritamente escolar (carteis, representacións,...), o contorno familiar ou municipal (recollida de información, celebracións,...), ampliadas ao eido institucional que constitúen Delegación, Inspección, Concello,... (postal de Nadal, revista escolar,...).

Así pois, as actividades previstas para o presente curso escolar cara a consecución dos obxectivos sinalados anteriormente son as que a continuación se relacionan:

1.CONTINUAR COA ADQUISICIÓN DE MATERIAL BIBLIOGRÁFICO, VIDEOGRÁFICO, INFORMÁTICO, LÚDICO-DIDÁCTICO IMPRESO, GRAVADO OU ELABORADO EN GALEGO

Obxectivos:

- ✓ Incrementar o acervo cultural con material relacionado coa nosa lingua en diferente soportes.

Desenvolvemento da actividade:

Trátase da adquisición e difusión de novidades bibliográficas ou en diversos soportes que sexan interesantes como recursos normalizadores. Ofertaráselles e daráselles a coñecer a todos os membros da comunidade educativa e procuraremos que cheguen tamén ás familias.

2.PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA CONTRIBUÍR AO FOMENTO DE ASPECTOS PROPIOS DA CULTURA GALEGA

2.1.Organización e representación de obras teatrais, dramatización de textos e outras actividades como panxoliñas, cantigas,...

Obxectivos:

- ✓ Potenciar o uso do galego en actividades grupais, culturais e artísticas.
- ✓ Dar a coñecer textos teatrais galegos.
- ✓ Fomentar a creatividade artística do alumnado.
- ✓ Impulsar a colaboración entre o EDLG, e o centro en xeral, coas entidades asociativas da vila na promoción do idioma.

Desenvolvemento da actividade:

Coincidindo con datas significativas (Nadal, Entroido, Letras Galegas, Día do Libro,...) realizaremos as actividades mencionadas, tentando que cheguen ás familias.

2.2.Actividades dirixidas ao coñecemento do concello, que permitan un achegamento a aspectos relevantes (cultura, lingua,...) da contorna máis próxima do alumnado.

Obxectivos:

- ✓ Difundir aspectos característicos da cultura da zona.
- ✓ Achegarse ao coñecemento do concello dende unha perspectiva máis científica.
- ✓ Valorar a aportación dos maiores ao noso acervo cultural.
- ✓ Coñecer a riqueza da toponimia galega, especialmente a da zona, e recoñecer o seu valor como patrimonio cultural e sinal de identidade.
- ✓ Sensibilizar sobre a importancia da conservación e transmisión dos nomes de lugar.
- ✓ Valoración da riqueza ecolóxica do concello.

Desenvolvemento da actividade:

Para fomentar o coñecemento do concello de Frades por parte do alumnado do centro realizaremos diferentes actividades, seguindo na senda de anos anteriores.

Realizaremos **rotas de sendeirismo** por diversas zonas do concello.

2.3. Día da Lingua Materna

Obxectivos:

- ✓ Dar a coñecer á sociedade a celebración do día dedicado á Lingua Materna.
- ✓ Contribuír ao uso da lingua que nos ensinaron a falar de pequenos.
- ✓ Promover a diversidade lingüística e cultural e o plurilingüismo.
- ✓ Crear maior conciencia sobre a diversidade lingüística e a educación plurilingüe.
- ✓ Empregar con maior precisión e propiedade vocabulario na nosa lingua relacionado coa vida escolar e académica.

Desenvolvemento da actividade:

A CAIXA DO GALEGO. Outro ano máis chega esta caixa che de palabras relacionadas coas terminoloxía escolar. Tamén traballaremos con textos narrativos, poéticos,... galegos.

2.4. Obradoiro de teatro

Obxectivos:

- ✓ Dar a coñecer textos teatrais galegos.
- ✓ Representar obras de teatro ensaiadas durante o curso escolar.
- ✓ Impulsar o galego como vehículo de actividades lúdicas.
- ✓ Fomentar a creatividade artística do alumnado.
- ✓ Impulsar a colaboración do EDLG, e o centro en xeral, con diferentes entidades na promoción do idioma.

Desenvolvemento da actividade:

Traballaranse diferentes obras de autores galegos e doutras linguas impartidas no centro; de igual forma, tamén se fomentará a **creación de pezas teatrais**. Faranse representacións en datas sinaladas: nadal, letras galegas,...

2.5. Obradoiro de música

Obxectivos:

- ✓ Dar a coñecer a actualidade da música galega cantada en galego.
- ✓ Ensinarlle ao alumnado a procurar produtos culturais fóra dos métodos establecidos, máis comerciais.
- ✓ Ofrecer á comunidade educativa e á sociedade en xeral, un repertorio de cancións en galego para transmitirlo aos nenos nos xogos, na aula,...
- ✓ Rachar os prexuízos que exclúen o galego da vida máis moderna e vangardista.
- ✓ Empregar as TICs para aprender a obter información e compartir coñecementos.

Desenvolvemento da actividade:

A finalidade deste obradoiro é dar a coñecer entre o alumnado a música galega actual e tradicional dada o escaso coñecemento da música do país. Fiase preciso romper os prexuízos existentes, que vinculan a lingua galega ao folclore ou estilos musicais impropios dos gustos da mocidade. Poremos música galega nos recreos. Difundiremos material infantil entre o profesorado para que o empreguen nas aulas.

2.6. Concurso “Tarxeta de Nadal”

Obxectivos:

- ✓ Coñecer e valorar a tradición das festas de Nadal e das felicitacións neste tempo.
- ✓ Valorar e potenciar o uso do galego nas festas.
- ✓ Potenciar as actividades que se realizan no centro co motivo das festas tradicionais.

Desenvolvemento da actividade:

A finais de novembro convocarase o concurso para a elección da tarxeta de Nadal. O alumnado elaborará unha felicitación/mensaxe de Nadal, coas que faremos unha exposición e elixiremos aquela que será enviada ás familias, institucións, outros centros,... para felicitar o Nadal.

2.7. Campañas de sensibilización e actividades en prol do uso da lingua galega: carteis, trípticos, charlas, obradoiros de lectura e de produción escrita,...

Obxectivos:

- ✓ Eliminar todo tipo de prexuízos cara o galego.

- ✓ Contribuír a normalización e dinamización lingüística.
- ✓ Fomentar o uso do galego entre os membros da comunidade educativa.
- ✓ Potenciar a escritura na nosa lingua.
- ✓ Animar á lectura en galego.

Desenvolvemento da actividade:

Coincidindo con datas sinaladas, como o Nadal, o día do libro, as letras galegas, elaboraranse carteis, trípticos que recollan frases, slogans, debuxos,... animando ó uso e lectura da nosa lingua.

Faranse exposición virtuais (no blogue do equipo e no da biblioteca) relacionados con diferentes actividades do centro: outono, samaín, nadal, entroido, os maíos, letras galegas,...incluíndo libros que teñamos na biblio para que poidan solicitalos en préstamo.

Tamén se crearán obradoiros de lectura colectiva adaptados ás diferentes idades e etapas educativas impartidas no centro, respectando os grupos de convivencia estable.

Ao longo do curso crearanse obradoiros ou concursos de redacción: contos, cómics, poesías,...

2.8.Actividades relacionadas coa normalización lingüística, fomento da lingua: charlas de personaxes relevantes da cultura galega, mesas redondas, contacontos, representación de títeres,...

Obxectivos:

- ✓ Potenciar o uso do galego en espazos de lecer e como vehículo de creación artística.
- ✓ Coñecer escritores actuais galegos que axudarán a aumentar os hábitos lectores do noso alumando.
- ✓ Coñecer, compartir e reflexionar sobre a situación do galego no ensino.
- ✓ Achegar ao alumnado á literatura oral.

Desenvolvemento da actividade:

Baixo a finalidade de achegarnos á cultura galega, contactarase con algún grupo de títeres, contacontos,... para que fagan algunha representación no centro. Ou dalgún persoeiro, escritor,... relevante da cultura galega.

2.9.Concursos relacionados coa lingua galega: contos, microrrelatos, poesías, viñetas, relatos breves, carteis,...

Obxectivos:

- ✓ Potenciar o uso do galego nas producións escritas, a través de actividades que motiven ao alumnado.
- ✓ Estimular a creatividade artística e lingüística do alumnado.

- ✓ Ligar o noso idioma coas TICs, como instrumento útil na sociedade en que vivimos.

Desenvolvemento da actividade:

Ademais dos concursos específicos que se recollen no presente proxecto (postal de nadal, cartas de amor, carteis das letras galegas,...), ao longo do curso serán convocados diferentes concursos de contos, relatos, poesías, viñetas,... segundo as posibilidades de cada momento.

Os concursos serán organizados por etapas educativas: alumnado de infantil, primaria e secundaria. En todos eles están implicadas as tecnoloxías da información e comunicación, no que se refire á elaboración, edición,... Estableceremos unha estreita colaboración co Departamento de Plástica e co Departamento das TICs. Todos eles buscan a motivación do alumnado para implicarse nos usos orais e escritos do galego. A fin de que os participantes vexan recoñecidos o seu traballo e esforzos, todos os materiais serán difundidos na comunidade educativa e no contorno.

2.10.XVI Ciclo de cine “Mil follas”

Obxectivos:

- ✓ Ligar a lingua galega ao cinema.
- ✓ Achegar ao alumnado as producións cinematográficas galegas.
- ✓ Crear máis espazos de uso do galego.
- ✓ Favorecer o uso do galego na vida escolar non regrada.
- ✓ Practicar o rexistro culto da lingua.

Desenvolvemento da actividade:

Durante este curso está previsto realizar **XVI ciclo de cine MIL FOLLAS**, consistente na proxección de varios filmes ou curtas galegos ou en galego, adaptados para cada unha das etapas educativas do centro.

2.11.Menús escolares

Obxectivos:

- ✓ Familiarizarse coa terminoloxía galega do ámbito hostaleiro.
- ✓ Tomar conciencia da lingua galega como transmisora da cultura gastronómica.
- ✓ Promover o uso do galego nun soporte no que non é habitual.

Desenvolvemento da actividade:

Dado que unha das manifestacións da cultura galega é a gastronomía, con esta actividade pretendemos que o alumnado tome conciencia da lingua como transmisora desta cultura e adquiran vocabulario específico. Para elo elaboraranse os menús semanais e serán colocados non só na entrada ao comedor, como viña

sendo habitual, senón tamén en todas e cada unha das aulas e no taboleiro do EDLG. Procuraremos que esta información tamén chegue ás familias.

2.12. Plan Proxecta. Ecohortos

Obxectivos:

- ✓ Fomentar os bos hábitos de alimentación entre o alumnado.
- ✓ Fomentar hábitos de alimentación variada nas merendas.
- ✓ Ampliar o vocabulario
- ✓ Familiarizar ao alumnado do mundo das eco-hortas.
- ✓ Coñecer a produción ecolóxica e os seus beneficios.

Desenvolvemento da actividade:

Participaremos na modalidade Ecohortos e, ademais de fomentar uns bos hábitos de alimentación, trataremos de achegar o vocabulario galego alimenticio, fundamentalmente o relacionado coa produción ecolóxica.

2.13. Taboleiros do equipo

Obxectivos:

- ✓ Buscar unha canle de difusión das actividades do equipo.
- ✓ Implicar o centro na actividade normalizadora.
- ✓ Dar a coñecer aspectos relacionados coa nosa cultura.
- ✓ Dar a coñecer novidades editoriais en lingua galega.
- ✓ Concienciar dos valores positivos da lingua.
- ✓ Crear espazos de referencia da lingua, cultura,... galega no centro.
- ✓ Eliminar os prexuízos enquistados na poboación en torno ao galego.
- ✓ Informar das actividades normalizadoras doutros centros e/ou institucións.

Desenvolvemento da actividade:

Temos dous taboleiros: o taboleiro do EDLG e o taboleiro da lingua

O **Taboleiro do Equipo de Dinamización da Lingua Galega** consiste en manter un lugar físico no centro no que inserir todo tipo de noticias, comentarios, viñetas,... que teñan que ver coas actividades do EDLG. Aproveitaremos este espazo para difundir actividades propostas polo equipo.

No **Taboleiro da Lingua** recolleremos novas relacionadas co galego que vaian aparecendo na prensa, na internet,... e, en xeral, coa normalización e avance do galego. Completarémolo con actividades normalizadoras doutros centros, entidades,... e con novidades editoriais. Será tamén un espazo para coñecer autores e obras en lingua galega, polo que, periodicamente, expoñeremos textos dos nosos escritores coa intención de familiarizar ao alumnado e profesorado cos escritores galegos de distintos períodos.

Trátase de espazos abertos para o que se busca a colaboración da comunidade educativa e, en especial, do alumnado.

3.PROXECTOS E ACTIVIDADES QUE INCIDEN NA PROMOCIÓN DO GALEGO NAS DIFERENTES ETAPAS EDUCATIVAS.

3.1.Día das Escritoras

Obxectivos:

- ✓ Reivindicar o labor e legado das escritoras
- ✓ Visibilizar a obras das escritoras galegas

Desenvolvemento da actividade:

Crearemos uns marcapáxinas con nomes de escritoras galegas.

3.2.Sección bilingüe: Samaín-Halloween

Obxectivos:

- ✓ Comprender a importancia de manter vivas as tradicións en Galicia.
- ✓ Evidenciar a afinidade entre as culturas galega e británica.
- ✓ Potenciar as actividades que se realizan a nivel de centro con motivo das festas tradicionais.

Desenvolvemento da actividade:

Crearemos unha exposición de cabazas decoradas no patio exterior do colexio, solicitando a colaboración das familias. E levaranse a cabo traballos de investigación e exposición que evidencien a afinidade entre as culturas galega e británica.

Na etapa de educación infantil elaboraremos, un ano máis, un **menú terrorífico**.

Durante a derradeira semana do mes de outubro os mestres organizaremos **lecturas dalgún conto coa temática de samaín** elaboraremos exposicións de **lecturas de medo** para as diferentes etapas educativas e un concurso de micropesadelos de medo (escrito ou oral) para 5º e 6º de primaria e secundaria. E contaremos tamén cun obradoiro impartido por Anxo Fariña para EI e EP

3.2.O outono e o magosto

Obxectivos:

- ✓ Coñecer e manter a tradición popular galega.
- ✓ Elaborar materiais relacionados coas festas tradicionais en Lingua Galega.
- ✓ Conservar os xogos populares.

- ✓ Recuperar a tradición do magosto na zona.
- ✓ Potenciar as actividades que se realizan a nivel de centro con motivo das festas tradicionais.

Desenvolvemento da actividade:

Traballaremos o **magosto** non só como unha festa popular na que asamos castañas e nos divertimos. Uns días antes ao longo da semana traballamos nas aulas unha unidade didáctica (que o EDLG porá a disposición dos titores) sobre o mesmo, nas que destacan o vocabulario específico destas datas.

Tamén se celebrará a **festa do magosto**, prevista para 13 de outubro, no que realizaremos xogos populares relacionadas co tempo no que nos atopamos e tomaremos castañas asadas no propio centro.

3.3. Día do Peón

Obxectivos:

- ✓ Manter o xogo popular como un sinal de identidade.
- ✓ Coñecer os xogos populares das diferente épocas do ano.
- ✓ Participar en encontros con outras comunidades escolares e/ou entidades.
- ✓ Recitar retahílas, pareados,... acompañando a xogos populares.

Desenvolvemento da actividade:

Participaremos na convocatoria de Brinquedia, que dende hai uns anos ven dedicando unha xornada ao DÍA DO PEÓN; durante os recreos faremos prácticas para aprender a bailar os peóns.

Ademais levaremos a cabo actividades relacionadas, como poden ser: exposición de diferentes peóns e de peóns personalizados polo propio alumnado, ensinar a bailar peóns, investigación sobre o vocabulario e refráns relacionados co Peón

3.4. O Nadal

Obxectivos:

- ✓ Coñecer as principais festas e tradicións da nosa comunidade.
- ✓ Coñecer e valorar a tradición nas festas de Nadal: elementos decorativos, música, instrumentos, alimentación e outras manifestacións propias destas datas.
- ✓ Apreciar e respectar as costumes, folclore e demais manifestacións da nosa comunidade.
- ✓ Potenciar as actividades que se realizan a nivel de centro con motivo das festas tradicionais.

Desenvolvemento da actividade:

Durante o mes de decembro dedicáronos e **decorar o colexio** dándolle un ambiente navideño. Para elo, realizarase un nacemento na entrada principal, decoraremos os corredores con debuxos, mensaxes,... navideños.

Convocarase o **concurso de Tarxeta** de Nadal.

Elaboraremos **recomendacións lectoras** de xeito virtual.

O día 21 de decembro adicáremolo ao **de Nadal**. Elaboraremos unha felicitación colaborativa, o noso tradicional **festival de nadal** e outras actividades que determinaremos chegado o momento.

3.5.Día da Paz

Obxectivos:

- ✓ Traballar polo mantemento e consecución da PAZ, desde unha perspectiva vencellada á realidade galega, dándolle a relevancia que ten nos nosos días.
- ✓ Fomentar unha actitude de axuda, cooperación e colaboración cos demais.
- ✓ Respetar as normas que rexen a convivencia.
- ✓ Aprender a vivir en harmonía.

Desenvolvemento da actividade:

Elaboraremos algún **vídeoclip** sobre algunha canción relacionada coa temática e tamén elaboraremos distintivos a nivel individual.

Faremos tamén un **mural colectivo**.

Ao mesmo tempo, o día 30 de xaneiro realizaremos **xogos cooperativos** e a tradición de tomar **chiculate con churros**.

3.6.Concurso de Cartas e debuxos de amor-desamor

Obxectivos:

- ✓ Achegar o galego escrito a unha actividade propia dos adolescentes.
- ✓ Promover o uso do galego escrito a través de actividades que motiven ao alumnado.
- ✓ Favorecer o uso do galego por parte do alumnado na actividade escolar non regrada.

Desenvolvemento da actividade:

A propósito do día de San Valentín organizamos un concurso literario de Cartas de Amor-desamor (en galego) para as etapas de primaria e secundaria, e para infantil será un concurso de debuxos de amor. As producións premiadas (un por cada etapa educativa) serán colgados no Blog e editados na revista.

3.7.Día de Rosalía de Castro

Obxectivos:

- ✓ Achegar ao alumnado á figura da nosa gran poetisa.

Desenvolvemento da actividade:

Faremos unha sesión de lecturas dalgúns dos poemas da autora. Participaremos das actividades a AELG, adaptándoas ás etapas educativas que temos no centro.

3.8.O Entroido

Obxectivos:

- ✓ Coñecer e participar nas festas e tradicións da localidade no tempo de Entroido.
- ✓ Dar a coñecer ao alumnado as manifestacións do Entroido máis arraigadas na tradición popular galega.
- ✓ Dar a coñecer a celebración do Entroido en diferentes zonas da nosa comunidade.
- ✓ Dar oportunidades para a recreación artística das manifestacións do Entroido.
- ✓ Potenciar as actividades que se realizan a nivel de centro con motivo das festas tradicionais.

Desenvolvemento da actividade:

A temática deste curso está aínda por decidir, pero tamén realizaremos as manifestacións do entroido da nosa comunidade: petardazo, xoves comadres e compadres, domingo de piñata, colga e queima do meco,...

Crearemos un **taller de disfraces** que se lucirán no **desfile** do colexio polo pobo o día 9 de febreiro.

3.9.Semana da prensa

Obxectivos:

- ✓ Valorar a prensa como medio de comunicación.
- ✓ Descubrir a importancia e utilidades da prensa.
- ✓ Fomentar a expresión escrita das propias opinións, pescudas, sentimentos,... e dalos a coñecer á comunidade educativa sen limitarse á publicación da revista escolar anual.
- ✓ Potenciar a lectura da prensa.

Desenvolvemento da actividade:

Para celebrar a semana da prensa, ademais das actividades celebradas por parte dos titores, reiniciaremos o obradoiro de periodismo, no que se irán confeccionando actividades para a realización dun novo número da nosa revista escolar (Retallos do Ponte), con apoio gráfico de fotos e informática.

3.10.Día da poesía

Obxectivos:

- ✓ Soster a diversidade dos idiomas a través da expresión poética.
- ✓ Apoiar a poesía.
- ✓ Recuperar a tradición oral dos recitais de poesía.
- ✓ Promover a ensinanza da poesía.

Desenvolvemento da actividade:

Durante o mes de marzo daremoslle especial importancia aos textos poéticos na nosa lingua; organizaremos varios **certames literarios** de poesía, durante o proxecto lector.

Convocaremos tamén o **XVI CONCURSO DE POESÍA: TROITAS EN VERSO**.

3.11.Día Mundial do Teatro

Obxectivos:

- ✓ Identificar o teatro como unha manifestación artística.
- ✓ Achegarnos aos autores máis representativos do teatro galego a través dalgunha das súas obras máis significativa.
- ✓ Potenciar o uso do galego en espazos de lecer e como vehículo de creación artística.
- ✓ Impulsar o galego como vehículo de actividades lúdicas.
- ✓ Estimular a creatividade teatral e a literatura teatral no alumnado.
- ✓ Dar a coñecer grupos teatrais.

Desenvolvemento da actividade:

Posto que ao longo de todo o curso temos en funcionamento un obradoiro de teatro, aproveitaremos o mes de marzo para centrarnos en pezas dramáticas da literatura galega e os seus autores. Tamén organizaremos **lecturas dramatizadas**

3.12.Día do libro

Obxectivos:

- ✓ Valorar os libros como fonte de pracer e de transmisión de información.
- ✓ Fomentar a lectura en galego.
- ✓ Dar a coñecer a literatura galega actual.

Desenvolvemento da actividade:

Para conmemorar o Día do Libro, durante o mes de abril retomaremos a actividade iniciada en cursos pasados, **APADRIÑAMENTOS LECTORES**, debido á grande participación do alumnado e á súa efectividade. Trasladaremos a biblioteca ao patio e algunha outra actividade que aínda está por determinar.

Tamén editaremos un tríptico de recomendacións literarias e animación á lectura, en colaboración co Equipo de Biblioteca.

3.13. Día de internet

Obxectivos:

- ✓ Difundir e promover o bo uso de internet.
- ✓ Promover o bo uso das novas tecnoloxías.
- ✓ Valorar os beneficios que nos aportan as novas tecnoloxías.
- ✓ Tomar conciencia dos perigos dun uso masivo das TICs e, en especial, das redes sociais.
- ✓ Dar a coñecer as posibilidades que nos ofrecen as novas tecnoloxías na lingua galega.
- ✓ Favorecer o uso do galego por parte do alumnado na actividade escolar non regrada.

Desenvolvemento da actividade:

Dado que o alumnado xa conta dun dominio extraordinario na internet fomentaremos actitudes para o bo uso das novas tecnoloxías entre o alumnado. Na etapa de ESO poremos especial fincapé no uso das redes sociais.

Relacionaremos as novas tecnoloxías coa lingua galega mediante unhas xornadas virtuais ou en grupos de convivencia estable dedicadas a dar a coñecer as **ferramentas informáticas** das que dispoñemos na **lingua galega** e **recursos en galego na rede** para a mocidade.

3.14. Semana das Letras Galegas

Obxectivos:

- ✓ Fomentar o interese por coñecer a nosa cultura.
- ✓ Ampliar os coñecementos relativos á cultura galega, valorando os nosos escritores e as súas producións literarias.
- ✓ Tomar conciencia da importancia da lingua galega.
- ✓ Favorecer a aprendizaxe de aspectos da vida e obra do autor homenaxeado.
- ✓ Favorecer o uso do galego por parte do alumnado na actividade escolar non regrada.
- ✓ Potenciar as actividades que se realizan a nivel de centro con motivo das festas tradicionais.

Desenvolvemento da actividade:

Para conmemorar as Letras Galegas realizaremos distintas actividades:

- Difusión e información, a través de diferentes soportes (carteis, folletos, busca na Rede), sobre a vida e obra de Luisa Villalta.
- Incluír no móbil de Autores do Centro a caricatura de Luisa Villalta.

- Realización de traballos: cómics, contos..., relacionados coas Letras Galegas.
- Concurso de carteis, para anunciar a XVI Romaría das Letras Galegas.
- Elaboración dun mural colectivo. O mural consistirá nun debuxo alusivo á autora, no que cada alumno coloreará un anaco de forma libre para logo pegalo no lugar correspondente.
- Recitado de poemas, fragmentos de textos,... contos de narración oral.

Levaremos a cabo a **XVI ROMARÍA DAS LETRAS GALEGAS** o 16 de maio e na que está prevista a representación dalgunha obra de teatro, recitado de poemas da autora homenaxeada,...

3.15.Revista escolar

Obxectivos:

- ✓ Continuar fomentado unha das canles de comunicación educativa con maior historia no colexio.
- ✓ Potenciar o uso do galego en ámbitos cultos ou formais, como poden ser a maioría dos contidos dunha revista.
- ✓ Reflectir dun xeito breve os logros acadados ao longo do curso.
- ✓ Estimular a creatividade en galego e fomentar a capacidade de análise crítica.
- ✓ Incidir nunha maior relación entre todos os niveis do centro e no seo da comunidade educativa e servir de ponte de comunicación entre o centro e as familias e o contorno educativo en xeral.
- ✓ Potenciar a lectura e escritura en lingua galega.
- ✓ Favorecer o uso do galego por parte do alumnado na actividade escolar non regrada.

Desenvolvemento da actividade:

Supón unha ferramenta útil para proxectar a labor do Equipo e a actualidade do idioma entre a comunidade educativa, ademais de servir de escaparate da vida académica e extraescolar do centro, potenciar as competencias lingüísticas do alumnado e tratar cuestións xerais: creacións literarias, reflexións do alumnado acerca de diferentes temáticas. A implicación do alumnado é total, tanto no deseño coma na confección, permitíndolles facer unha publicación máis acorde cos seus intereses baixo a supervisión do profesorado.

3.16.Dinamizando os recreos. X Olimpíada de Xogos Populares

Obxectivos:

- ✓ Manter o xogo popular como un sinal de identidade fundamental.
- ✓ Coñecer, realizar e compilar xogos tradicionais e populares da zona e de Galicia en xeral.

- ✓ Identificar os xogos tradicionais como elementos de relacións interxeracional e intercultural.
- ✓ Favorecer o uso do galego por parte do alumnado na actividade escolar non regrada.

Desenvolvemento da actividade:

Dende hai anos o centro organiza unha xornada de xogos populares coincidindo co Magosto. Este será o punto de partida para o paso que daremos este ano: ofertaranse estes xogos populares durante o tempo de lecer nos recreos. A participación será voluntaria. Fomentarase a investigación do alumnado sobre os xogos da zona, para que logo nos os expliquen e poñelos en práctica neste tempo de lecer. Ao finalizar o curso realizaremos un pequeno campionato no centro, lavaremos a cabo a **X OLIMPIADA DE XOGOS POPULARES**

3.17.Club de lectura

Obxectivos:

- ✓ Animar á lectura, especialmente en lingua galega.
- ✓ crear interese polas obras escritas en galego, eliminando prexuízos existentes ao respecto.
- ✓ Demostrar que o galego serve para chegar á literatura universal.
- ✓ Axudar á xuventude a definir criterios para determinar escollas perante unha abundante oferta.
- ✓ Darlle a oportunidade excepcional a profesores e alumnos de interactuar e participar nunha discusión literaria dando, defendendo e respectando os diferentes puntos de vista.
- ✓ Favorecer o uso do galego por parte do alumnado na actividade escolar non regrada.

Desenvolvemento da actividade:

Continuaremos co club de lectura iniciado o curso 09-10 en ESO e que leva por título **A cova das palabras**.

3.18.Diplomas para o alumnado que deixa o centro

Obxectivos:

- ✓ Motivar ao alumnado a participar no EDLG.
- ✓ Darlle prestixio ao EDLG.
- ✓ Recompensar as horas de ocio que pasa o alumnado traballando no EDLG.

Desenvolvemento da actividade:

Decidimos elaborar uns diplomas para o alumnado que abandona o centro ben sexa en 4º ESO ou calquera outro curso, para recoñecerlles o seu traballo e amosarlles ao resto dos compañeiros como lles estamos agradecidos dende o EDLG.

3.19.Saídas didácticas

Obxectivos:

- ✓ Coñecer o noso patrimonio.
- ✓ Estender as nosas actividades fóra do centro, no noso contorno e nas familias.

Desenvolvemento da actividade:

Temos pensado realizar varias saídas ao longo do curso, pero están aínda sen determinar.

4.DINAMIZACIÓN, MELLORA E AMPLIACIÓN DO BLOG DO EDLG

Obxectivos:

- ✓ Dar a coñecer as actividades que desenvolve o ENDL entre a comunidade educativa en xeral.
- ✓ Ofrecer aos alumnos, profesorado e familias recursos relacionados coa lingua galega que lles resulten útiles para a vida cotiá.
- ✓ Informar sobre os aspectos relacionados coa nosa lingua, promovendo a reflexión e análise crítica sobre a situación sociolingüística galega.
- ✓ Fomentar o desenvolvemento das competencias dixitais entre o alumnado.
- ✓ Asociar o mundo das novas tecnoloxías ao noso idioma.
- ✓ Tratar de mellorar a competencia lingüística do galego.
- ✓ Usar as novas tecnoloxías para difundir experiencias.
- ✓ Dinamizar a lingua galega.
- ✓ Estender e optimizar o uso do galego dentro da comunidade escolar.
- ✓ Crear máis espazos de uso do galego.
- ✓ Intercambiar experiencias e actividades con outros centro educativos.

Desenvolvemento da actividade:

No curso 2008-2009 puxemos en marcha un blog (natualingua.blogspot.com) que xunto co taboleiro do EDLG serve de medio de expresión das actividades do Equipo e da actualidade da lingua galega.

Seguiremos fomentado a participación do alumnado no blog, tanto para a xestión e actualización como para a publicación de artigos; realizaremos xornadas de dinamización do mesmo, crearanse bitácoras con diferentes seccións (música, cine, novas, libros,...) e buscarse unha maior participación da comunidade educativa a través das súas opinións e comentarios e a participación en diferentes concursos.

No curso 2011-2012 inauguramos a nosa canle en youtube, na que figuran diversas actividades levadas a cabo dende o EDLG (<http://www.youtube.com/normalizacionponte>)

De igual forma, establecerase un enlace coa páxina web do centro, que inauguramos no curso 2012-2013 (www.edu.xunta.es/centros/cpipontecarreira), na

cal tamén colgaremos información e actividades relativas á nosa lingua e cultura. Durante este curso fomentaremos a participación dos alumnos e das familias, e demáis agregados, a través da nosa páxina no [facebook](#). Tamén se proporán actividades a través da [aula virtual](#) do centro. E inciamos o curso pasado a nosa andina en Instagram, [edlgcpipontecarreira](#), e Twitter, [@EdlgCpiPonte](#)

5. PROXECCIÓN DO EDLG NA CONTORNA

Obxectivos:

- ✓ Dar a coñecer a existencia do EDLG entre as familias, así como o plan de actividades para o presente curso.
- ✓ Sensibilizar as familias no uso do idioma achegando ás casas a problemática do mesmo.
- ✓ Impulsar a colaboración entre o EDLG e o centro en xeral coas entidades asociativas da vila na promoción do idioma.
- ✓ Potenciar as actividades que se realizan a nivel de centro con motivo das festas tradicionais.

Desenvolvemento da actividade:

É fundamental dedicar esforzos a eliminar prexuízos e representacións negativas do alumnado respecto da súa lingua. Hai que mover tamén as consciencias das familias, de aí a necesidade de deseñar unha campaña informativa dirixida aos pais/nais co obxectivo de dar a coñecer o traballo do EDLG e convidar ás familias a participar das súas actividades e achegar novas propostas normalizadoras a través da publicación dun tríptico e o envío de información sobre o plan anual do EDLG. Achegarémonos ás familias e coordinaremos, na medida do posible, algunhas actividades.

Se queremos normalizar o noso idioma temos que actualizalo e convertelo nun instrumento útil para o futuro da nosa mocidade, igual que outros idiomas competentes: castelán, inglés,...

Pretendemos editar información sobre os traballos realizados e informar da actualidade cultural ou de interese en xeral. A primeira fase será dar a coñecer o novo EDLG e o noso proxecto, así como indicar a forma de pórse en contacto connosco e a existencia do blog.

6. UTILIZACIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS

Obxectivos:

- ✓ Achegarlle á comunidade educativa a información sobre as ferramentas terminolóxicas que lles poden axudar no seu traballo.
- ✓ Axudar a normalizar o galego na escrita.

- ✓ Dinamizar no eido das novas tecnoloxías.
- ✓ Fomentar o desenvolvemento das competencias dixitais entre o alumnado.
- ✓ Asociar o mundo das novas tecnoloxías ao noso idioma.
- ✓ Tratar de mellorar a competencia lingüística do galego.
- ✓ Usar as novas tecnoloxías para difundir experiencias.
- ✓ Crear máis espazos de uso do galego.

Desenvolvemento da actividade:

As tecnoloxías da información e da comunicación forman parte da cultura tecnolóxica que nos rodea e coa que debemos convivir, polo tanto dende este equipo non somos alleos a dita realidade.

Neste sentido realizaremos varias actividades: actualización de enderezos útiles na rede, busca de información na web, dixitalización da información, creación de power-points, confeccións de trípticos e carteis informativos, intercambio de información con outros centros e institucións,... e proporcionaranse páxinas de ferramentas informáticas en lingua galega e sobre e de recursos en galego para a mocidade.

A maioría das actividades están pensadas para que usemos estas ferramentas, tanto á hora de elaboralas como de expoñelas e demostrar, así, a competencia do noso idioma como instrumento actual e futuro.

7. MATERIAIS PARA O PROFESORADO

Obxectivos:

- ✓ Proporcionar información sobre ferramentas útiles para o traballo docente.
- ✓ Animar ao profesorado ao emprego da lingua galega.
- ✓ Dinamizar a lingua galega no ámbito das novas tecnoloxías.
- ✓ Estender e optimizar o uso do galego dentro da comunidade escolar.
- ✓ Fomentar o desenvolvemento das competencias dixitais entre o profesorado.
- ✓ Asociar o mundo das novas tecnoloxías ao noso idioma.
- ✓ Usar as novas tecnoloxías para difundir experiencias.

Desenvolvemento da actividade:

Para axudar ao profesorado estableceremos o correo electrónico do EDLG como vía de comunicación: enviaremos por email información relacionada coa lexislación vixente do galego, enderezos web de interese, ferramentas informáticas, material audiovisual,... e tamén nos poden enviar as suxestión e demanda de necesidades.

Toda a información atoparase en formato dixital a través da web do EDLG (natualingua.blogspot.com).

8.COLABORACIÓN COAS ACTIVIDADES PROGRAMADAS POR OUTROS DEPARTAMENTOS DO CENTRO

Obxectivos:

- ✓ Acadar a plena cooperación no deseño e desenvolvemento de actividades.

Desenvolvemento da actividade:

O EDLG colaborará de maneira especial con aqueles departamentos que se acollan aos obxectivos marcados por este equipo; por exemplo, actividades que se fagan conxuntamente co equipo de biblioteca (fomento da lectura de lingua galega ou concursos de relatos, poesías,...), departamento de plástica (concursos), departamento de educación físicas (dinamizando os recreos), departamento de música (obradoiro de música), departamento de inglés (sección bilingüe). Colaborarse dun xeito especial cos departamentos das linguas, fundamentalmente co da Lingua Galega.

9.COLABORACIÓN CON OUTROS CENTROS E INSTITUCIÓNS, ENTIDADES OU ASOCIACIÓNS EXTERNAS AO CENTRO

Obxectivos:

- ✓ Espallar e recoller as achegas propias e alleas.
- ✓ Levar máis alá do centro educativo as actividades e programas levados a cabo en prol da normalización lingüística da nosa lingua.

Desenvolvemento da actividade:

Manteremos contacto con Equipos de Dinamización da Lingua Galega doutros centros educativos para o intercambio de materiais, deseño de actividades, programación de actividades conxuntas,... Ao mesmo tempo, fomentarase a comunicación e cooperación entre o centro e a familia, as institucións e entidades (ANPA, concello, Delegación, Brinquedia...) e os sectores sociais e culturais tanto do contorno coma de fóra.

Estamos abertos a propostas e iniciativas que veñan de fóra, a algunhas das cales nos temos sumando outros anos; serán valoradas antes e realizaranse sempre e cando as consideremos viables e se adapten ás nosas posibilidades.

5.- AVALIACIÓN

O proceso avaliador será continuo e reflíctese anualmente por escrito. Vainos permitir coñecer datos relativos a aspectos tales como:

- A valoración dos progresos acadados en relación cos obxectivos establecidos
- A adecuación das actividades deseñadas

- O funcionamento do equipo, a súa implicación e motivación e as sesións de traballo.

Este análise de logros e deficiencias permitiranos revisar e mellorar a nosa planificación e actuación continuamente, xa que a avaliación constitúe o elemento clave dos procesos, sendo a peza fundamental para acadar a calidade no ensino en toda a súa complexidade.